

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3860 *Lei orgánica 1/2013, do 11 de abril, sobre o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se suspende a vixencia do artigo 112 e parcialmente do 114 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 114 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, establece que «o Consello Xeral do Poder Xudicial se renovará na súa totalidade cada cinco anos, computados desde a data da súa constitución. Para tal efecto, e con seis meses de antelación á expiración do mandato do Consello, o seu presidente dirixirase aos das cámaras, solicitando que estas procedan á elección dos novos vogais e pondo no seu coñecemento os datos do escalafón e do Rexistro de asociacións profesionais de xuíces e maxistrados que constan na dita data no Consello, que serán os determinantes para a presentación de candidaturas conforme o disposto no artigo 112».

Mediante os reais decretos 1574/2008 e 1575/2008, do 22 de setembro (BOE do 23), procedeuse ao nomeamento dos actuais vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta do Congreso dos Deputados e do Senado, respectivamente. A sesión constitutiva do Consello Xeral do Poder Xudicial tivo lugar o día 24 de setembro de 2008, data en que os vogais elixiron o presidente, en virtude do artigo 115 da Lei orgánica 6/1985. Por isto, de conformidade coa Lei orgánica do poder xudicial, e tendo en conta que o actual Consello se constituíu o 24 de setembro de 2008, o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial deberá pór en marcha o proceso de renovación do Consello o 24 de marzo de 2013.

Porén, o pasado día 21 de decembro de 2012, o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de Lei orgánica de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en que se establece un novo sistema para a designación dos membros do Consello, co obxectivo claro de que a próxima renovación do órgano xa se leve a cabo conforme o novo sistema.

A entrada en vigor dun novo sistema de elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial en datas próximas á súa renovación non é un feito ignoto na historia do Consello Xeral do Poder Xudicial. Precisamente, a vixente redacción do artigo 112 da Lei orgánica do poder xudicial introduciuse mediante a Lei orgánica 2/2001, do 28 de xuño (BOE do 29 de xuño), e a través del modificouse o sistema de elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, xa que estaba próxima (como dicía a propia exposición de motivos desa lei orgánica) a expiración do mandato daquel Consello. Por iso, cunha inmediatez absoluta, o día seguinte ao da aprobación desa lei, o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou unha instrución (BOE do 30 de xuño) que determina o número de candidatos que se presentarán polas asociacións xudiciais e concreta os aspectos do proceso de formulación de candidaturas a vogal do Consello.

Ante esta situación extraordinaria, a posta en marcha do procedemento de designación de vogais actualmente previsto nos artigos 112 e 114 da Lei orgánica do poder xudicial finalmente non podería despregar ningún efecto xurídico, dado que, para o

momento en que a renovación se deba producir (setembro de 2013), xa tería entrado en vigor a nova lei e, en virtude do previsto no número 1 da disposición derradeira do anteproxecto, esa entrada en vigor suporía a derogación de toda a regulación actual sobre renovación, designación e elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e sobre a súa constitución.

Coa finalidade, por tanto, de evitar que tal situación se produza, considérase procedente suspender a vixencia do artigo 112 da Lei orgánica do poder xudicial, así como do inciso do artigo 114 que suporía a posta en marcha do proceso de renovación, evitando a entrada en funcionamento dos mecanismos de designación actualmente previstos, que responden a un procedemento para a renovación do Consello cun sistema de elección que, precisamente, está a ser obxecto de modificación a través do anteproxecto de Lei orgánica de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. En calquera caso, o límite temporal desa suspensión establécese no momento en que se produza a expiración do mandato do actual Consello Xeral do Poder Xudicial, por transcorrer o período de cinco anos, computados desde a data da súa constitución, establecido no artigo 114 da citada lei orgánica.

Artigo único. Suspensión total da vixencia do artigo 112 e parcial do artigo 114 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

1. Suspéndese a vixencia do artigo 112 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. Suspéndese a vixencia do seguinte inciso do artigo 114 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial: «solicitando que estas procedan á elección dos novos vogais e».

3. A suspensión prevista nos números anteriores terá efectos ata a data en que se produza a expiración do mandato do actual Consello Xeral do Poder Xudicial, por transcorrer o período de cinco anos, computados desde a data da súa constitución, establecido no artigo 114 da Lei orgánica do poder xudicial.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei orgánica entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de abril de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY